

Continúan as mobilizacións e o acampamento pola Dignidade en Vigo



A **Plataforma de Movements Sociais de Vigo**, na que participa a **CGT** de Vigo, levantou un acampamento chamado da Dignidade ao término dunha manifestación celebrada o pasado sábado 27 de setembro. Este acampamento estaba ubicado diante da sé da Xunta de Galicia nos xardíns de Montero Ríos, e foi desaloxado catro días despois pola policía, con 40 antidisturbios, nocturnidade e alevosía, ás 5,30 horas da madrugada. Dende o día 13 ata a actualidade, o acampamento está instalado no Monte do Castro de Vigo, xusto ao pé da Cruz dos Caídos levantada polo réxime franquista. As circunstancias nas que permanecen os acampados e acampadas logo de tantos días non é cómoda, recibindo de forma constante, ata tres ou catro veces ao día, a visita da policía.

O pasado xoves, se ten realizado unha concentración no mesmo lugar do acampamento convocada por todos os colectivos e organizacións da Plataforma. A concentración comezou ás 19.30 horas e moitos dos asistentes portaban antorchas de parafina e velas. Os asistentes constituíronse en asemblea aberta tratando de comunicar os motivos que teñen levado a erguer o acampamento e a plantexar as reivindicacións dos excluídos e excluídas.

Ver video: [Concentración en Campamento Dignidad Vigo 30/10/2014](#)

Este acampamento conleva custes e por iso se ten aberto unha conta de solidariedade para recibir a axuda económica para poder acometer os gastos necesarios para continuar a acción. As aportacións deben ingresarse na conta bancaria ES97 0130 3001 1201 1053 2776, co concepto 'cuenta campamento dignidad?.'